A fidalguía galega a comenzos do s. XIX: A obra de Froylán Troche y Zúñiga

VÍTOR MANUEL MIGUÉS RODRÍGUEZ*

La connoissance des arts contient plus de véritable philosophie que toutes ces belles et savantes hipotheses qui n'ayant aucum rapport avec la nature des choses ne servent au fond qu'a faire perdre du temps à les inventer ou a les comprendre.

(Cita que encabeza El archivo cronológico-topográfico)

Recompilando dados bibliográficos do século XIX verbo da fidalguia galega, certo día caeu nas nosas mans unha obra do 1835 até daquela practicamente descoñecida. O seu autor, Don Froylán Troche y Zúñiga, e o seu título, *El archivo cronológico-topográfico. Arte de archiveros*, non presaxiavan grandes expectativas pola matéria que o volume abordava, quer dicer, a organización e o tratamento dos arquivos nobiliários. Non foi asi o noso xuízo ao pasá-las follas, dado que o seu contido desbordava o cometido inicial en grande parte da sua extensión, abordando pola contra, moitísimas cuestións da máis diversa índole -económicas e sociais fundamentalmente- verbo dos donos dos arquivos nobiliários, val dicer na Galiza, a fidalguia.

A surpresa foi máis aló ao percatármo-nos de que a transgresión non se limitava exclusivamente ao título senón que as descripcións económicas e sociais contidas en *El archivo...* desbordavan-se, superando os tecnicismos e o estilo tan académico dos tratados e convertendo-se nun livro de doada leitura, moi descriptivo e mesmo apaixoado, metade tratado, metade ensáio. Foi tan madura a constatación destas inesperadas novidades que contiña *El archivo...*, que logo de criticá-lo con ollos de historiadores, concluímos que a sua calificación ás portas do século XXI non podía ser outra que a de fonte histórica de primeira orde, ao fornecer dados orixinais sobre o principal grupo dirixente na Galiza do século XIX¹.

Confirmados no noso critério, o seguinte paso foi pescudar sobre o grao de coñecimento desta interesante fonte bibliográfica, confirmando-se o seu absoluto descoñecimento, mesmo nos foros científicos especializados². Foi isto, e a caréncia de grandes investigacións sobre a matéria, o que nos determinou a retomar esta obra esquecida, sen outra intención que a de repasar os principais argumentos da mesma a fin de rescata-la

^{*} Vítor Manuel Migués Rodríguez é Licenciado en Xeografía e Historia e bolseiro do Departamento de História Moderna da Universidade de Santiago de Compostela.

¹ Partimos da base xa salientada por Villares, de que a fidalguia constituiu no s.XIX a fracción maioritária da clase dirixente galega. Vid. VILLARES, R; "López Ferreiro e a historiografia galega"; In *Grial* n ² 66, Vigo, 1979, p.428.

²Unicamente na maxistral introdución á vida pacega que fai MARTÍNEZ BARBEITO, observamos unha pontoal referência a esta obra. Vid. MARTÍNEZ BARBEITO, C; Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña; Everest, León, 1986.

do esquecimento para a comunidade científica³. Aspiramos asi, máis que á crianza dun artigo de seu, a unha recensión básica que permita expor as pedras angulares da información histórica que transmite o betanceiro Froylán de Troche y Zúñiga no seu, "Método facil, sencillo y poco costoso para el arreglo de los Archivos Particulares...". Desta forma, non pretendemos escrever de arquivística, nen biografiar ao autor, tampouco aspiramos aqui a elaborar xuízos verbo da fidalguia; unicamente, transcreber brevemente os eixes base deste documento histórico.

O HOME

Pouco sabemos de Froylán Troche y Zúñiga. Junto da referéncia de Carlos PEDREI-RA LÓPEZ⁴, e das indagacións de José María ÁLVAREZ BLÁZQUEZ⁵ podemos acreditar que nasceu en Ames o 19 de Marzo de 1799, e faleceu en Abegondo o 2 de Maio de 1855. De família fidalga, estudou letras en Salamanca e axiña foi coñecido como excepcional paleógrafo. Consumado o seu casamento en 1729, vemo-lo de contado como polígrafo escrevendo sobre caza⁶, arquivística, história e obras públicas; variadísimas actividades que falan do Troche como home hiperactivo. En 1836 foi nomeado apoderado do Conde de Taboada, fito importante na sua carreira, pois puxo-o en directo contacto coa vasta administración deste condado e co conseguinte manexo do arquivo, ofício ao que induvidavelmente chegou con experiéncia prévia, pois xa daquela tiña publicada a obra que aqui recensionamos.

A partir de 1840 observamos ao susodito como un activo político local, o que o levaria a unha série de responsabilidades públicas como Procurador Síndico e Comisário de Montes en Betanzos, cidade na que desenvolveu o groso das súas actividades, e na que fican importantes testemuñas da sua acción⁷.

Froylán Troche y Zúñiga morre en 1855, como resultado do que, se pensa, foi un envelenamento inducido polos seus opositores. Segundo afirma a tradición familiar, estes, prévio pago de 6.000 reais, sobornarian a unha criada para tal cometido⁸. Hoxe en día tal suposición segue sen estar confirmada, pero é unha morte que cadra coa orixinalidade e voluptuosidade da sua vida.

EL ARCHIVO CRONOLÓGICO TOPOGRÁFICO

Fóra das cuestións cinexéticas, Froylán Troche tamén pasará á história pola publicación en 1835 do seu livro, *El archivo cronológico-topográfico. Arte de archiveros*, tratado de arquivística aplicada aos arquivos nobiliários galegos⁹. Paradoxalmente, este

³ Agradecemos o interese posto polo Director do Arquivo Municipal de Betanzos, D. Alfredo Erias Martínez, no comentário desta obra.

⁴Vid. C.P.L. "Troche y Zúñiga, Froilán"; In Gran Enciclopedia Gallega 29, Santiago, 1974, p.157

⁵Vid. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M; "Estudio preliminar"; In *El cazador gallego con escopeta y perro*, Velázquez, Madrid, 1983, pp.15-37

⁶ É a faceta pola que hoxe é máis coñecido. A sua obra cinexética salienta polo magnifico tratado de caza que é El cazador gallego con escopeta y perro; Santiago, 1837

⁷Como a fonte conservada na praza irmáns García Naveira, promovida por el, ainda que construída en Paris en 1866, dezaseis anos depois da sua morte.

⁸Vid. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M ^a; "Estudio..."; op cit. p.34

⁹Ainda que o livro de 1835 anuncia-se como segunda edición, Álvarez Blázquez coida que esta seria unha estrataxema do autor encamiñada a obter unha meirande tirada. Haberia, xa que logo, unha única e primeira

contido non se corresponde co seu induvidável valor histórico, pois máis aló do que reflicte a portada, a obra está inzada de referências económico-morais á decadência da fidalguia decimonónica. Esta sorte de contidos e outros aspectos convirten a *El archivo*... nunha obra orixinal da que devemos salientar os seguintes pontos:

-En canto ao argumento, é arquivístico e económico, este último adubado con tintes

políticos.

-Estas argumentacións sosteñen unha temática única: causas da decadéncia da fidalguia galega e remédios para o seu enderezo.

-Predomina un estilo claro de tintes didáctico-moralistas.

-Contrapon-se un ton aséptico nos apartados técnicos, con outro descaradamente

apaixoado que remata impregnando a obra.

Estamos, xa que logo, ante unha obra dual na que baixo unha carauta técnica se acocha un ataque á fidalguia do XIX, non polo facto de ser fidalguia, senón por ser unha "fidalguia reconvertida". A existéncia dunha reconversión nas pautas económico-sociais dos vinculeiros do seu tempo, leva a Troche y Zúñiga a buscar o contraste retrotraendose no tempo para descrever a fidalguia de antano. O que no 1835 non era máis que un recurso literário converteu a esta obra en fonte histórica non só como fotografía social do seu tempo, senón tamén como imaxe diacrónica entre o último tramo do século XVIII -coñecido por Troche oralmente- e a primeira metade do XIX.

Non sabemos as motivacións que implicaron ese acochar o discurso ensaístico co envoltório técnico do arquivo cronolóxico-topográfico, pero é posível que Troche, no seu afán mesiánico-moralista pretende asediar as conciéncias dos vinculeiros coa excusa dun tema de grande trascendéncia: o do ordenamento dos arquivos nobiliares. Que a actual desorde destes era xa real no século XIX se explicita na própria obra; de aí que o método proposto para o seu arranxo fose un perfecto gancho para a sua difusión. Que o autor se serviu da utilidade técnica do livro para aproveitar a difusión do seu discurso ideolóxico parece claro, ainda que tamén o é que esa mesma utilidade técnica se pon ao servizo deste.

Enfin, como adiante veremos, Troche y Zúñiga pretende relanzar o papel dos pazos como directores do progreso global da Galiza, e para iso introduce un discurso que se difunde por méio dun tratado de tipo técnico. Á sua vez, os tecnicismos deste son importantes para o ordenamento económico dos domínios pacegos; todo "ad maiorem gloriae nobilitatis". Esta utilidade descansa nun instrumento resaltado polo autor como supremo: o preito. Esta ferramenta posibilita o control dos domínios fidalgos e do seu correcto manexo depende a sua viabilidade¹⁰.

edición. Vid. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M ª; "Estudio..."; op cit. p.24

¹⁰Froilán de Troche fai unha minuciosa disección da estratéxia legal como xeito de controlo: "...La prudente cautela de no usar de todos los documentos y reservar para el estado de prueba ú ocasión oportuna los que como una division de reserva deban estar prontos á arrojarse sobre el enemigo, si este arrolla el primer cuerpo de ejército, pende del general que lo manda y que ha formado el plan de campaña, que es el abogado (...) Para conocer los derechos y bienes en que se deba suceder ó de derecho se haya sucedido, aunque ignorándolo, es indispensable tener mas conocimientos de los que comunmente tienen los mayorazgos: estos conocimientos son el resultado de la educación que hayan recibido ó que reciban á lo sucesivo los primogénitos ó llamados á las sucesiones. La historia de la familia es la base para descubrir estos derechos... (pp.156-58)"

EL ARCHIVO CRONOLÓGICO E A IMAXE DA FIDALGUIA

Ainda que o ton moralista se aprecia xa dende o prólogo¹¹, é fundamentalmente na segunda parte da obra, onde ao trascender a arquivística comeza o xogo descritivo verbo da fidalguia do presente e de antano. Vexamos as principais liñas desta dialéctica:

O autor compara as brillantes pautas vitais da fidalguia de onte con "la miseria actual que reemplazó á tanta riqueza". Despois enceta un longo discurso moralista que precede á exposición dos remédios do desastre: "Hace diez años que empezando á vivir á vuestras espensas, y vosotros á usar de mis servicios, me atreví á manifestaros algunos errores que padeciais en el modo de manejar vuestras haciendas".

Nun ton abertamente pedagóxico-didáctico -parece como se falase para crianzas- Troche y Zúñiga gaba a sobriedade e perdurabilidade do mobiliario e vestimenta da vella fidalguia, o que fai con anáforas constantes a respeito do dito: "Todo este moviliario, porque se acaba la moda de su uso lo vendeis, cuando hay quien lo compre, por la décima o la vigésima parte de lo que os costó (...) ya conozco que estais dispuestos á rebatirme con que esas cosas hoy cuestan poco dinero y en tiempo de vuestros mayores aunque se compraban una sola vez costaban mucho mas, pero ¿ignorais por ventura que hoy hay menos dinero que entonces? (124)".

A relaxazón dos costumes e o excesivo ócio semellan ser unhas das constantes da fidalguia retratada por Troche y Zuñiga. Asi, referindo-se a certa sorte de vinculeiros urbanitas escreve:

"...a no ser que quieran vivir como hasta ahora dando vueltas todo el día en los soportales y paseos públicos ó arrimados a una esquina tomando polvos, fumando cigarros y murmurando de todos cuantos pasan por la calle, averiguando y contándose unos á otros hasta cuantas libras de vaca se gastan en casa de cada vecino, cuya ocupación y la de no salir de los cafés, es á la verdad bastante comun en algunos...(p.143)"

Fala tamén da licenciosidade das novas fidalgas frente á laboriosidade doméstica e sobriedade de costumes das vellas, criticando o excesivo acudir á tenda en busca de víveres e moitos alimentos frente á maior continéncia dos tempos idos: "...Vuestros abuelos vivían en sus casas de campo la mayor parte del año, y el haberos retirado hoy todos a las poblaciones (...) es porque vuestras mugeres é hijas no pueden ir al teatro porque no lo hay"; e continúa explicando as causas do absentismo na persuasión das mulleres para ter escola e médico perto. Obviamente a causa do actual atraso no rural deve-se a este absentismo: "...si vivieseis en las aldeas habria seguramente médicos en ellas (...) habria menos ladrones(...) dariais impulso a la agricultura (...) socorreriais las necesidades de vuestros colonos(...) se harian mas civilizados nuestros labradores (...) (pp.128-130)". Froilán coida que asi tamén mellorarian os próprios costumes; claro que para isto a fidalguia deveria ser capaz de ter ben governados e proveídos os solares, labor para o que os morgados -segundo el- non estarian ben preparados, de aí que lles recomendara unha viaxe de aprendizaxe á Franza e á Inglaterra, países sempre postos como contraponto¹².

¹¹Titulado "A los hacendados", nel di: "...Creo haber contribuído al logro de vuestros deseos en la mayor parte dando el pronto remedio que necesitan vuestras casas para perpetuar en ellas la memoria de sus derechos, asegurar sus intereses y despertar á los poseedores del letargo y abandono en que yacen..." (p.VIII).

¹²As críticas ao absentismo sobresaen como unha obsesión, incluso na sua obra cinexética. Velaí o seu comentário: "...La nobleza de España y el clero, aunque a éste le estaba y está prohibido, gozó casí exclusivamente del noble ejercicio y ocupación de la caza hasta este siglo, en que por su desgracia, y por la de la nacion, abandonaron los señores sus casas de campo, y se pasaron a las ciudades a sustituir aquella distracción con los teatros y otras débiles y pueriles, con que se terminó su carácter varonil, y debilitaron, se puede decir, la raza de los caballeros; pues aun los que se dedican a la carrera de las armas no pueden tener la robustez de que gozaban los que se criaban en el campo, ni su vida toda artificial puede ser tan larga: hablarán

A incapacidade gobernativa da que os señores son todo un exemplo non só se produce na dirección do pazo, pois salienta-se ainda máis na vida urbana. De aí a crítica constante do autor ao mundo da vila, non só como lugar de perdición, senón tamén de derroche e hiperbolización das chatas:

"...Hacendados: no es mi ánimo dar reglas para que os separeis enteramente de las costumbres del siglo, ni que arregleis vuestras casas por el idéntico modelo de las de vuestros mayores, pues pareceriais hoy unos hombres venidos del otro mundo y vuestras habitaciones asustarian á las señoras; pero quisiera que imitando un poco la moda por no parecer ridículos y conciliando en lo posible las costumbres con vuestros intereses, adoptaseis un sistema de vida que no os empeñase, y salieseis de las deudas que muchos teneis contraidas... (p.131)".

As imaxes da fidalguia ateigan moitas páxinas da segunda parte do livro. Unha vez expostas, Troche y Zúñiga pasa a indicar os remédios, dos que só interesa coñecé-los por riba, asi como saber que o ton que usa para dicer obviedades é, outra vez, o próprio do mestre para cos rapaces, o que da boa mostra do nivel cultural daqueles aos que se dirixe. A sobriedade é a virtude que lles recomenda: mesas moderadas, vida rústica, evitar os naipes, usar roupas perduraveis e non ir sempre á tenda, pois: "...no es la primera vez que ha llegado la criada del título de Castilla y del gran mayorazgo á la tienda del lado pidiendo media libra de azucar y se la despidió con campanillas y amenazas de que no solo no se le daba mas, sino que digese á su amo que si no le pagaba lo que le debia, se lo pediria en justicia (p.133)".

A teoria exposta en El archivo... mantén que o abandono na administración das economias fidalgas é algo que vai alén do familiar, pois incide directamente na saúde económica do Estado. De aí a importáncia do epígrafe sobre as causas que impediron aos facendados o fomento do agro, comércio e artes. Nel explica o que determinou que os fidalgos non se erixisen en valedores da pátria: "...preocupación y su madre ignorancia, orgullo, fanatismo y su abuelo error (...) se han salvado en los solares y casas de nuestros hacendados y mayorazgos (...) un mayorazgo segun ellas, no podia, ni debia ser agricultor...". Segundo Troche, como os vinculeiros non fixeron nada por arranxar isto e para favorecer o progreso da nación: "(138)...sufrieron el condigno castigo á que su apatia los habia hecho acreedores (...) ¡Como estaria la superficie del suelo español si los hacendados hubieran empleado sus caudales el siglo pasado en removerla y si se hubieran aprovechado de la protección del gobierno!, ¿Le llevarian ventaja Italia y Francia?... ¡Mayorazgos! en vano echais la culpa de nuestras desgracias á los gobiernos; estos os dieron egemplos y estímulos en todos tiempos, pero no solo habeis dejado de seguirlos y escucharlos, sino que los habeis despreciado(...). Vuestros abuelos han sido criminales(...) en educar a sus hijos, pues que hicieron de ellos unos olgazanes, unos zánganos de la colmena española...(pp.138-140)".

Na análise do comportamento da fidalguia decadente, Troche y Zúñiga insiste na ideia da mudanza de hábitos, para o que propón novas actividades económicas. Mesmo chega a recomendar-lle aos vinculeiros que se fagan intermediários no comércio minorista ou con manufacturas¹³. Insiste-se especialmente na preparación universitaria da

hoy mejor el castellano, serán mas instruidos en las ciencias, más corteses y finos, lo lucirán mejor en la corte; no sé si con esto hemos ganado o perdido; con su ausencia de las casas de quinta, con la propagación de las escopetas desde la guerra de la independencia y con los vicios introducidos en la población, es ya la caza de todos...". Citado in. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M a; "Estudio..."; op cit. p.31

¹³Parece claro que o betanceiro era un home animoso e optimista -non inocente-, pois as consideracións que fixeron os homes do seu tempo con respecto a unha penetración da fidalguia en novos negocios económicos, foron absolutamente catastróficas. Vexamos só unha delas: "... ¿No quereis que esas clases subsistan, os

prole fidalga, porque: "... ¿Que facultades estudian?, leyes, porque á los hijos de mayorazgos no es decente seguir la carrera de medicina ni otras. ¿Y es posible que se pueda emplear tanto joven en la administracion?, No por cierto...(p.145)". Neste senso *El archivo*... reflicte con claridade meridiana a comun reciclaxe da fidalguia no funcionariado da administración liberal.

Unha das partes máis técnicas do livro é aquela onde explica como investigar para descubrir direitos vedraños de propriedade asi como recobrá-los, acción para a que o preito é un instrumento fundamental, tamén a boa estructuración do arquivo, asi como dos livros de entradas e saídas de capital. Neste contexo, Troche y Zúñiga intensifica o seu discurso ao analisar unha das principais figuras do tratado, a do administrador: "...La eleccion de administradores es materia muy delicada, de ella pende el que las casas produzcan mas ao menos; que el dueño tenga muchos ó pocos gastos, muchos o pocos litigios (...) es incalculable el beneficio o el daño que un administrador puede hacer (...) conocemos casas que en solo cuatro años de la administración de un sugeto honrado y prudente, se aumentaron considerablemente (...) y otras que se manejaron por hombres imprudentes, infieles e interesados están y estarán arruinadas acaso por un siglo, y aun para siempre...(p.172)".

Non é preciso adxuntar comentários. A importáncia do papel dos mordomos é directamente proporcional á dilixéncia governativa do vinculeiro. Na maior parte dos casos o rol dos mordomos é pésimo por se-lo ainda máis o dos próprios señores, pois "...vaca una administracion ú otro destino de un particular, no se provee con mas ecsamen ni informes ó pruebas del sugeto [fala da elección do mordomo] que una carta de la Señora doña Fulana, del Sr. Don Citano... (p.173)". Desta guisa, a función do vinculeiro frente ao apoderado ou mordomo de turno, semella autocondear-se ao de monifate:

"No os engañarian tan facilmente los que administran las rentas, porque á todas horas veriais lo que pasa estando sobre el pais; y finalmente aunque gastaseis vuestro dinero y lo consumieseis en la aldea, siempre se empleaba mejor que en las farsas cómicas, en los cafés y espectáculos pueriles de los pueblos y vuestros hijos adquiririan un grado de salud y robustez que les hiciese salir de entre los algodones y vidrieras en que viven artificialmente, consumiéndolos la mayor parte de vuestro patrimonio en médicos y botica... (p.129)"

O arquiveiro brigantino recomenda un administrador-tipo para prever desmáns económicos. Asi, este pasaria por estar casado, desafecto a comodidades, non ser escribano nen cura, e menos home da bisbarra na que exercese o cargo. Estas evidentes precaucións, que temos confirmadas en documentación da época, son ainda máis importantes na elección do apoderado: "...la elección de apoderado es todavia mas delicada; debe hacerse de sugetos muy esperimentados y que reunan a la circunstancia de fieles y próbidos las del conocimiento de las leyes, de curiales aritméticos...(p.178)".

O mellor xeito de evitar os fraudes pasa porque o administrador esté ben dotado economicamente, estipulando os seus emolumentos nun tanto por cento respecto á renda. Ainda asi, Froylán Troche é consciente da fraxilidade na xestión de patrimónios tan dispersos e lonxanos como os da fidalguia, pois admite con respecto ao fraude que "...el evitarlo enteramente es imposible... (p.181)". Ante isto indica que o mellor xeito de refugar

estorban en la sociedad?. Pues de este modo les dais el golpe de gracia. Poned en las manos de los hacendados unas monedas equivalentes al valor de sus rentas aunque se las pagueis muy altas, y á vuelta de pocos años vereis que unos las han jugado: que las disiparon otros en viajes o festines: que muchos se expatriaron para buscar aplicación a su dinero, y que los mas (...) han fracasado en las empresas que parecian mas seguras...". [Discurso de LINARES RIVAS ante el Congreso Agricola Gallego de 1864. In PLANELLAS, J. (Recopilador); "Actas del Congreso Agrícola Gallego"; In *Revista Económica V*, SEAP, Santiago, p.336.

del pasa por introducir o meirande número de medidas preventivas, como facer xuízos de residencia en caso de dúvida; visitas regulares do dono, e algunhas inesperadas; trato directo cos colonos e negociado persoal dalguns negocios fóra do amparo dos administradores. No remate da obra, Troche brinda un precioso retrato do duro traballo cotiá de todo aquel administrador que labore con dilixéncia:

"...Cuanto desvelo, cuantas noches fuera de su casa dormiendo vestido y mojado, cuantas incomodidades y alteraciones sufre su imaginacion, cuantos enemigos temibles se grangea por servir á su amo: todo esto para algunos no es nada y dicen que para esto se les paga: es verdad, pero hay trabajos que nunca son pagos ó que no tienen con que pagarlos los hacendados: un administrador que asegura para siempre las rentas que su amo tenia perdidas haciendole rico y perpetuándole esta riqueza en su familia, no es recompensado con solo pagarle su triste situado; el que se adquiere una enfermedad ó la pérdida de la vida con motivo de un servicio estraordinario tampoco no recibe recompensa: la persecucion de los enemigos que se adquirió por servir á su amo si muere este y el sucesor le despoja tal vez por solo querer poner en la administracion á un favorito suyo, tampoco es susceptible de recompensacion. Los hacendados deben tener consideracion á los gastos particulares (...) el vestir con la decencia necesaria por no desacreditar digámoslo asi á sus amos, por la precision de tratar con gentes de categoría, es uno: muchas cajas de tabaco, muchos mazos de cigarros gasta un administrador al año: muchas tazas de café, muchos refrescos paga cuando vá á seguir algun pleito á un pueblo y tiene que hacer este y otros obsequios á los curiales aunque no sea mas que á los meros escribientes, muchos jarros de vino en las aldeas, en los puntos donde hay partidos de renta: no os escandaliceis porque digo jarros de vino, si señores, jarros de vino tiene que pagar, y hay ocasion que un jarro de vino hace un descubrimiento que por otro medio no lo averiguaria el dueño de la hacienda gastando 100.000 rs (...) un solo cigarro dado á un paisano con franqueza suele valer mas y producir mejor efecto que gastar seiscientos reales en hacer compulsas de documento, y todo esto no se le pone en cuenta á los Señores...(pp.227-229)".

A estas alturas do repaso, fica claro que unha experiéncia con claros síntomas autobiográficos é a nai do relato. En certas ocasións asi o admite, transmitindo detalles persoais do proceso de aprendizaxe. É ilustrativo da sua intrínseca aplicación, o método que propón para extinguir o gorgullo, experimentado tan agrestemente que ainda hoxe causa hilaridade:

"[Dentro dunha tulla infestada polo gorgullo]...persuadido de no lograr nada, traté de ejecutar un ensayo sin ayuda ni conocimiento de nadie; hice reunir alguna bóñiga o escremento de vaca, la eché en una olla y le añadí otra tanta vinagre poco mas ó menos, y bien fuerte, cerré y calafeté con trapos, papel y barro las uniones y batientes de las ventanillas que dán luz y sirven de ventilacion al local, para pribar toda comunicación del aire: llevé cuatro ó cinco tejas llenas de brasa bien encendidas, las repartí por la granera y sobre la brasa eché la vinagre y bóñiga en cantidad que no la apagase; al momento hizo tanto y tan vivo el olor que no pude resistir dentro, salí y cerré la puerta calafeteandola, también como las ventanas y hasta el otro día no volví a abrir...(pp.202-203)".

A VISIÓN DA FIDALGUIA DE TROCHE: HIPÉRBOLE OU REALIDADE?

Vistos os aspectos históricos mais atractivos de *El archivo...*, resta saber o grao de fiabilidade que lle podemos dar. Ao noso parecer, este é prácticamente absoluto posto que non se dan factores que poidan implicar a manipulación da obra. A paixón coa que está escrita entendese pola fidalguia do escritor máis que por un afán deturpante da sua própria camada social, á que contrariamente busca excitar. Por outra parte, moitas das apreciacións feitas en *El archivo...* repetirian-se anos máis tarde por parte de autores moi

variados. Sen irmos máis lonxe, oito depois, Manuel Colmeiro calificava aos vinculeiros do seu tempo como absentistas, ignorantes, vaidosos, desarraigados e orgullosos¹⁴.

Efectivamente, Froylán non foi o único que ollou á fidalguia criticamente; de entre os escritores que asi o fixeron, ampla maioria até 1926, existen tres grupos principais: os que a colocan como fonte de todos os males; os que asi o fan, pero contrapesando un pasado exculpatório, e os técnicos que argumentan en base á sua apatia económica. Froylán Troche y Zúñiga seria un precedente do segundo grupo, quer dicer, un antecedente de Castro Bolaño, Manuel Murguia, Prudencio Rovira ou o Marqués de Figueroa, entre outros.

A similitude destes autores co betanceiro reside en que admiten -máis ben magóanse- da decadéncia da fidalguia, pero diferenciando os vinculeiros do seu tempo dos pretéritos, dignos patriarcas da sociedade frente á perdición presente. Asi, CASTRO BOLAÑO non só exculpa aos morgados da celular estructuración da propriedade, senón que
louva aos seus devanceiros, pois: "...ellos fueron los que adquirieron primero por juro de
heredad las fincas aforadas y los que pidieron la venta y remate de su utilidad para obtener el pago de las pensiones (...) En esta persuasión se otorgaron y aceptaron los contratos de foro y subforo, y se enagenaron y adquirieron las fincas (...) hicieron los
poseedores y adquirientes grandes mejoramientos, levantaron edificios costosos y establecimientos industriales, redugeron a cultivo terrenos incultos, plantaron arbolado,
abrieron canales de riego y transformaron, en fin, las fincas, invirtiendo en estas obras
grandes capitales, fruto del sudor y la economia de algunas generaciones..."

15.

O veredicto é diferente aplicado aos fidalgos do presente cando se pergunta pola axuda que estes poderian prestar á miséria dos lavradores:

"...¿Pueden contar, tal vez, con el ausilio de los que tienen el derecho de cobrar las rentas?. Así debía ser (...) pero los contratos entre estos y los renteros son de tal naturaleza, y el lazo que los une tan débil, que apenas tienen interés en el mejoramiento de las tierras y el aumento de la produccion de los dueños del dominio directo. Su renta es siempre la misma, cualquiera que sea el estado de las fincas; y con tal que estas no se desangren, hasta el punto de no poder soportar la carga, les es indiferente lo demás...".

Noutras ocasóns a indolencia fidalga expresa-se simbolicamente, como o fai MUR-GUÍA co pazo de Arretén. En *Los Precursores* lembra aos vellos señores de xeito paternalista: "...Cuentan los marinos, que cuando un buque está próximo a su ruina, las ratas que pueblan la bodega abandonan el viejo casco: asi hicieron los nobles de segundo orden. Dejaron de vivir entre los campesinos, que eran sus hijos, y de su amor, que era su fuerza, perdiendo de este modo un poder que descansaba en el bien que hacían y en no permitir que se hiciese el mal. Aquellos hogares en que durante siglos se encendio un mismo fuego, y que eran refugio de una familia que no se extinguia jamás, aquellas casas de donde no se salía sino en busca de la gloria y á las cuales no se volvía más que en demanda de la paz y de la muerte, estan hoy vacias y desiertas..."¹⁶

¹⁴Vid. COLMEIRO, M; *El modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad en Galicia*; Santiago, 1843. pp.15; 38; 41-43; 45.

 $^{^{15}}$ In. CASTRO BOLAÑO, J. M 2 ; Cargas perpetuas que afectan á la propiedad territorial en Galicia y su influencia; Lugo, 1860.

¹⁶Vid. MURGUIA, M; Los precursores; La Voz, A Coruña, 1885, p.174.

De xeito parello, Prudencio ROVIRA gabou as sazóns da vida aldeá nos tempos en que a fidalguia era a nai de todos:

"...La revolución industrial (...) dió el golpe de gracia a una aristocracia del terruño que convivía en el fundo solariego con los aldeanos y en más o en menos participaba de la alegría de sus trabajos, prosperidades e infortunios. Pocas generaciones bastaron para que se considerasen extraños los que antes se tenían por afines. Hoy el señorito se encuentra en la aldea como sepultado en una mansión de horror; y el paisano ve en el dueño un testigo incómodo de sus desidiias y de sus rutinas..." ¹⁷.

É tan radical o sentir de Rovira, que mesmo a sua obra destila unha das máis funestas referencias á fidalguia do seu tempo:

"[Logo de falar benevolamente dos monxes]...en cambio, la nobleza, (...) dejó sentir (...) todo el peso de su codicia bandolera. La iglesia permitió a sus foreros enriquecerse subaforando el dominio útil y conviertiéndose de labradores en rentistas. Fueron estos destripaterrones emancipados del arado los que impusieron a quienes les sucedian el yugo de su sordidez plebeya... (pp.176-177)".

Por último, o MARQUÉS DE FIGUEROA, volta a manifestar os típicos receos deica o absentismo antes de se perder nunha descrición histórico-xeográfica da Ulla. Son as *Del solar galaico*, unhas das páxinas máis logradas sobre o viver requintado dos pazos:

"...No diría los más importante de la [vida] que allí llevábamos, si no rememorase las prácticas colecitvas, verdaderamente familiares, que unían a todos, grandes y chicos, principales y servidores, con lazos de confianza, estima y respeto; nos embargaba al rendir a lo más alto tributo (...), sobreponiendo lo esencial y perenne, a pasajeras inferiores distinciones, a diferencias de ocasíón y de accidente..." 18

Porén, o autor de *Del solar...* magoava-se da sua época polo absentismo, de graves consecuéncias na moral da ruralía ao desaparecer con el o paternalismo.

A liña laudatória destes autores foi á sua vez un precedente da vinculación entre a fidalguia e o primeiro nacionalismo galego, máis aló de 1926. Este, que olla nos morgados un espírito dirixente xenuinamente galego, situou-se porén nun plano distinto á obra de Troche e estoutros autores, pois mentres que estes enaltecian aos vellos vinculeiros como méio para exaltar aos do seu tempo, os nacionalistas transcenderon ese plano real para converter á fidalguia por primeira vez en suxeito histórico. Risco, Losada Diéguez, Otero Pedrayo e outros voltarian a reviver os tempos idos do pazo, pero, a diferéncia duns anos antes, a sua aspiración é pura exaltación e sentimento.

Polo tanto, pésie á orixinalidade da sua obra, Troche y Zúñiga, lonxe de ser un caso illado é o encetador dunha corrente neo-fidalguista que xorde ante as transformacións deste grupo social na transición ao réxime liberal. Esta corrente, conservadora no social, é progresista no económico e reclama á fidalguia unha reciclaxe positiva nos seus roles de xestión, se ben coa premisa da sua permanéncia nos solares pacegos do rural. Finalmente, é evidente que esta corrente precedeu aqueloutra de corte nacionalista encabezada por Otero Pedrayo, coa fundamental diferéncia de que mentres a segunda ficou nun

¹⁷Vid. ROVIRA, P; *El campesino gallego*; In *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*, Xunta, Madrid, p.168.

¹⁸Vid. MARQUÉS DE FIGUEROA, EL; Del solar galaico; Madrid, 1917, p. 65.

exercício idealista de exaltación patriótica, a primeira rematou por se converter -e sobre todo a obra de Troche y Zúñiga- nunha fonte histórica de suma importáncia.

CONCLUSIÓN

O carácter crítico e pragmático de Froylán de Troche y Zúñiga; a sua vital experiéncia como administrador dos domínios pacegos e apoderado dos Condes de Taboada, e a sua condición de fidalgo, determinaron a conversión deste arquiveiro de Betanzos no mellor caracterizador da fidalguia galega decimonónica. Na sua obra, *El archivo cronológico-topográfico. Arte de archiveros* (1835), utiliza un argumento técnico -o ordeamento dos arquivos pacegos- para divulgar unha temática ideolóxica: a rexeneración da fidalguia coa fuxida das vilas e a volta aos solares primitivos. A exposición deste discurso nun ton mesiánico-moralista, fornece un texto pródigo en detalles descritivos, hoxe en dia auténtica fonte histórica. Estas son as suas idéias-base:

-El archivo cronológico-topográfico é o único manual práctico para aprender o correcto actuar dos fidalgos galegos no presente.

-O ordenamento dos arquivos fidalgos, premisa fundamental para o controlo e estruturación dos dominios através do preito.

-A fidalguia como clase dirixente da Galiza, é a causante da decadéncia do rural e capaz ainda da sua rexeneración.

-O absentismo dos vinculeiros, causa principal da decadéncia, é a orixe do primitivo dualismo campo-cidade.

-A vila en canto centro de dexeneración moral e decadéncia económica. O campo como depositário dos valores nacionais.

-Licenciosidade, indoléncia e presunción; aspectos principais da imoralidade e ignoráncia da fidalguia.

-O abandono económico dos domínios e a reciclaxe no funcionariado, expoñentes da incapacidade dun estamento decadente.

-Apoderados e administradores como escamoteadores consentidos do benefício económico dos domínios.

-Dedicación exclusiva, pragmática e técnica dos vinculeiros aos domínios, único remédio para a recuperación económica da nación. A denúncia do abandono presente, pero a exaltación do pasado, situan a Troche Y Zúñiga como o valedor dunha corrente progresista e neo-fidalguista precursora nos seus xuízos á formulada polo primeiro nacionalismo galego. Troche y Zúñiga, Prudencio Rovira, O Marqués de Figueroa, Manuel Murguia e outros enaltecen aos vellos vinculeiros como contraponto á miséria do seu tempo; a diferéncia dos nacionalistas, que ven máis á fidalguia como un obxecto do pasado e non como ferramenta do presente. □

APÉNDICE ÍNDICE DE CONTIDOS DA EDICIÓN DE *El archivo...* DO ANO DE 1835

PRIMERA PARTE

- -Obras é instrumentos que debe tener el Archivero (p.1)
- -Como se reducen las eras y égiras al año cristiano, y se deben entender las fechas desde la corrección gregoriana (2)
- -Método sencillo y orden del arreglo de papeles (4)
- -Plan de arreglo y division de documentos (7)
- -Genealogía (8)
- -Nobleza (9)
- -Hacienda é intereses generales (11)
- -Regalías (12)
- -Regalías abolidas (12)
- -Pleitos generales (13)
- -Cuentas (14)
- -Lanzas y medias anatas (15)
- -Documentos particulares de la hacienda (16)
- -Primera operacion (21)
- -Segunda operacion (23)
- -Influencia de las leyes sobre el sistema de arreglo de Archivos (26)
- -Tercera operacion (28)
- -Del arte de estractar con una tabla de las monedas antiguas (37)
- -Cuarta operacion (45)
- -Quinta operacion (47)
- -De las cubiertas de los legajos (55)
- -De los árboles genealogicos (57)
- -Arbol de línea recta (58)
- -Esplicación de los árboles genealógicos contenidos en las láminas 2n y 3n (65)
- -De los Indices (69)
- -Del libro de memorias (75)
- -Del local de los Archivos, (con una esplicación de los Archivos portátiles y una lámina de la figura de las cajas) (75)
- -De la historia de los poseedores (81)
- -Refutacion de las reglas de Archivos del Sr. Porras Huidolobro y vindicacion del sistema cronológico-topográfico (85)
- -Modelos de los índices y láminas (105) y siguientes

SEGUNDA PARTE

- -Arreglo interior y económico de las casas, direccion y manejo de los intereses de ellas (119)
- -De las causas que impidieron é impiden á los hacendados el fomento de la agricultura, comercio y artes (136)
- -Por qué medios se averiguan y descubren los derechos que las casas ó familias tienen á las rentas y bienes que han perdido, como se conoce los en qué deben suceder y de que manera se preparan los documentos para demandarlos y recobrarlos (146)
- -Como se forma el libro cobrador ó de caja que el dueño de casa ó su apoderado deben tener en el archivo ó secretaría para regir las administraciones (163)
- -Del libro de entradas (170)

- -Régimen de las administraciones: qué circunstancis y cualidades deben tener los administradores y quienes no pueden ni deben serlo (171)
- -Qué dotacion deben tener los administradores y como han depercivirla (179)
- -Qué condiciones deben ponerse en los poderes ó nombramiento de los administradores (182)
- -Como debe hacérseles cargo de las administraciones y posesionarseles de ellas (185)
- -Qué libros deben darse á los administradores para desempeñar su encargo (187)
- -Diferencia entre el libro cobrador que se da á los administradores y el que tiene el dueño en su poder (189)
- -Cómo deben cobrarse las rentas, por qué épocas y modo de realizarlo sin gastos ni gran ocupacion del administrador (190)
- -Qué clase de rentas y fincas deben arrendarse y cultivarse, con que precauciones y condiciones (193)
- -Del modo de conservar los granos y mas especies y cuando deben beneficiarse (198)
- -Como se estingue el gorgojo (201)
- -Por qué métodos deben rendir cuentas los administradores y en qué épocas (205)
- -Como deben ecsaminarse las cuentas de los administradores (210)
- -De las visitas que el Hacendado ó su apoderado deben hacer á los administradores y reconocer los partidos (220)
- -Como deben ser residenciados los administradores, con qué precauciones se les debe despojar cuando han faltado á la confianza y de qué manera se han de ecsaminar sus cuentas en este último caso (222)
- -Método sencillo y espedito que los hacendados ó sus apoderados deben adoptar en el despacho y contestaciones de los negocios, ó como deben tener montada su secretaría (230) -Láminas y modelos de cuentas y Estados (237)

BIBLIOGRAFIA

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.Mn; "Estudio preliminar"; In *El cazador gallego con escopeta v perro*, Velázquez, Madrid, 1983

CASTRO BOLAÑO, J.Mn; Cargas perpetuas que afectan á la propiedad territorial en Galicia y su influencia; Lugo, 1860

COLMEIRO, M; El modo más acertado de remediar los males inerentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial en Galicia; S.E.A.P. Santiago, 1843

MARTÍNEZ BARBEITO, C; Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña; Everest, León, 1986

MARQUÉS DE FIGUEROA, EL; Del solar galaico; Madrid, 1917

MURGUIA, M; Los precursores; La Voz, A Coruña, 1885

PLANELLAS, J.(Rec); Actas del Congreso Agrícola Gallego; In Revista Económica V, S.E.A.P. Santiago, 1864

PEDREIRA LÓPEZ, C; "Troche y Zúñiga, Froilán"; In *Gran Enciclopedia Gallega* 29, Santiago, 1984

ROVIRA, P; El campesino gallego; In Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional, Xunta, Madrid, 1984

TROCHE Y ZÚÑIGA, F; El archivo cronológico-topográfico. Arte de archiveros; A Coruña, 1835

TROCHE Y ZÚÑIGA, F; El cazador gallego con escopeta y perro; Velázquez, Madrid, 1983

VILLARES, R; "López Ferreiro e a historiografia galega"; In *Grial* nº 66, Galaxia, Vigo, 1969.